

Protocolo específico de medidas fronte o coronavirus para o persoal do ISSGA que realiza tarefas singulares

Este protocolo ten como obxectivo establecer as medidas preventivas e de protección e organizativas que sexan necesarias para garantir a seguridade e a saúde tanto do persoal técnico do Issga na realización de visitas e outras actuacións fóra do centro como do persoal técnico da área de medicina do traballo e laboratorios, pola singularidade das tarefas que efectúan.

1 Persoal técnico en visitas e outras actuacións fóra do centro

- As actuacións técnicas que impliquen visita a instalacións ou outras actividades que impliquen contacto interpersoal (grupos de traballo, reunións...) serán as imprescindibles valorando o risco que poderían supoñer en función do risco inherente ao centro de traballo, a posibilidade de actuación non presencial, e a viabilidade de adoptar as medidas preventivas necesarias.
- Seguiranse levando a cabo as visitas derivadas das actuacións dos técnicos habilitados, xa que a súa esencia é o exercicio da función comprobatoria “in situ”. Reaxustarase o número de visitas anuais programadas por cada técnico habilitado, xa que esta actividade estivo paralizada durante o estado de alarma. Na medida do posible evitarase a segunda visita de comprobación cando sexa factible realizar a comprobación documentalmente.
- Cada técnico ou técnica valorará a necesidade de realizar a visita e definirá o xeito de substituír esta comprobación na súa función de habilitado.
- Tamén se seguirán levando a cabo as de investigación de accidentes cando se active o protocolo da fiscalía para a investigación rápida e eficaz dos accidentes de traballo.
- Manter a distancia de seguridade entre persoas cando se visiten centros de traballo.
- Utilizar máscara cirúrxica cando se visitan lugares onde todos leven máscara en especial cando non se poida garantir a distancia de seguridade. Complementar, se se estima oportuno, co uso de pantalla facial ou lentes de seguridade de protección.
- Ir provistos de máscara FFP2 para utilizar cando se accede aos lugares de traballo, en especial lugares pechados cando non hai seguridade de que se cumpra o anterior.
- Levar xel hidroalcohólico e luvas desbotables, e bolsas con peche. Retirar as luvas ao abandonar os lugares visitados e desbotalas en bolsas herméticas ou segundo protocolo da empresa que se visita. Sempre sen descoidar a hixiene anterior e posterior de mans.



- Reducir ao mínimo o uso de papeis, utilizar medios electrónicos para a achega de documentación e recollida de información. Non sacar documentación en papel fóra do lugar de traballo visitado, se fose imprescindible facelo dentro dun plástico.
- Nos vehículos de traballo utilizar máscara hixiénica (segundo especificación técnica UNE-0064-1) ou cirúrxica sempre que se comparta. Levarase xel hidroalcohólico e disporase nel dun desinfectante de superficies apto para uso doméstico para utilizar nas partes do vehículo que se tocan máis, así como panos de papel desbotables. Cada técnico ou técnica despois do uso do vehículo deberá utilizar este desinfectante e aplicalo, tendo en conta as instrucións do fabricante.
- Intensificar a frecuencia da limpeza e desinfección completa dos vehículos por empresa externa.
- Lavado de roupa de traballo: a $> 60^{\circ}$ C e gardarase nunha bolsa pechada ata o lavado.
- Valorar introducir en bolsa hermética os móbiles e tabletas e desbotar as bolsas logo da visita ou ben desinfectalos co produto indicado polo fabricante (para non danalos).

2 Persoal técnico da área de medicina do traballo e laboratorios

- A realización de recoñecementos médicos ás persoas traballadoras autónomas levarase a cabo atendendo ás solicitudes segundo criterio médico e de seguridade no acto do propio recoñecemento. En todo caso de realizárense, avisarase previamente ás persoas citadas de que non acudan a consulta con febre ou síntomas compatibles co coronavirus, ou se estiveron en contacto cunha persoa enferma, así como de que **deben acudir con máscara cirúrxica**. Atenderase exclusivamente con cita previa que se tramitará por medios electrónicos ou telefonicamente.
- O persoal deberá utilizar **luvas desbotables, bata protectora, máscara cirúrxica ou FFP2 e pantalla facial ou lentes protectoras** nas exploracións e probas que requiren proximidade co doente. Utilizar sempre **FFP3** para procedementos nos que o doente non poida portar a máscara cirúrxica e se poidan xerar aerosois.
- Utilizar **material desbotable** preferentemente para a as exploracións e probas que se deban facer: batas desbotables, papel de padiola, panos de papel, etc.
- Desinfectar as **superficies**: padiola, cadeiras, equipos... que fosen utilizados polo doente despois de cada consulta cun desinfectante de superficies indicado polas autoridades sanitarias
https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/Listado_virucidas.pdf
- Reforzar subministracións do material utilizado para a limpeza e desinfección de superficies, equipos e material sanitario.



- Dispor de xel hidroalcohólico para o persoal e para o doente.
- As batas, roupa de traballo e prendas non desbotables que se utilizasen na consulta deberanse almacenar en bolsa pechada antes de ser entregadas ao servizo de lavandería.
- Nos laboratorios reforzarse a frecuencia da limpeza e desinfección e as medidas de hixiene persoal. Disporase de material de protección persoal como máscaras cirúrxicas, luvas de protección desbotables e lentes de protección.
- En xeral coidaranse nestas tarefas os seguintes hábitos: levar o cabelo recollido, non levar aneis, pulseiras, reloxos e as uñas curtas e coidadas.
- Continuarase levando a cabo a xestión de residuos do xeito habitual. Nas salas de consultas, probas e laboratorio disporase dun contedor con tapa e pedal e bolsa recambiable para o material desbotable refugado.

3 Publicidade e outras medidas de protección e organización aplicables

As medidas establecidas neste protocolo serán obxecto de difusión entre o persoal do Issga destinatario, a ás persoas externas que acudan aos centros de traballo mediante a colocación de carteis informativos. Estas medidas complementan o disposto no Protocolo polo que se establecen a reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial e as medidas de prevención fronte ao COVID 19 que entrou en vigor o 11 de maio de 2020, cuxas medidas deben ser observadas por todo o persoal do Issga.

4 Vixencia

Este protocolo será de aplicación efectiva desde o momento da súa aprobación.

En todo caso, este documento será obxecto de revisión continua, especialmente en atención ás obrigas e ás recomendacións que diten as autoridades competentes.